

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES VECIÑAIS DO CONCELLO DE FERROL DO ANO 2018

Base 1.- LIÑAS ESTRATÉXICAS

O Concello de Ferrol ten entre as súas prioridades o apoio ás entidades veciñais do noso Concello como motores e garantes da participación cidadá efectiva, así como contribuír a impulsar as relacións humanas e sociais entre a veciñanza dos barrios e parroquias.

Base 2.- RÉXIME XURÍDICO

O marco normativo desta convocatoria estará constituído polas seguintes disposicións legais que se nomean a continuación, así como polas súas normas de desenvolvemento, e cantas outras normas legais ou regulamentarias conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de producir efectos no devandito ámbito:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o R.d. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións xunto co R.d. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Ferrol.
- Bases de execución do orzamento municipal en vigor.

Base 3.- OBXECTO E FINALIDADE

Estas bases teñen por obxecto establecer as normas para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades veciñais con ámbito de actuación no Concello de Ferrol para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, así como para gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos seus fins propios.

Para os efectos da presente convocatoria establécense as seguintes liñas de axudas:

Liñas de axuda	Finalidade
Liña 1	Actividades e programas que favorezan a participación dos veciños e veciñas dos barrios e parroquias.
Liña 2	Gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios das entidades veciñais.

Base 4.- EXCLUSIÓNS

Quedarán excluídas do ámbito de aplicación desta convocatoria as seguintes actividades e gastos:

- 1) As que obteñan subvención por parte doutra concellería do Concello de Ferrol e as que pola súa natureza ou obxectivo poidan acollerse a outras convocatorias de subvencións realizadas polo Concello de Ferrol.
- 2) Aquelas que a xuízo da Comisión Avaliadora da concesión de subvencións prevista nas presentes bases teña escasa relevancia ou carezan de interese xeral.
- 3) As actividades nas que estea excluída a participación de persoas “non socias” da entidade.
- 4) As actividades que requiran un desprazamento fóra da cidade ou teñan coma finalidade un interese comercial.
- 5) O pagamento de cotas de afiliación a federacións ou a outras entidades, así como os gastos orixinados pola adquisición de xornais, revistas ou subscricións a canles de televisión por pago.
- 6) As que teñan carácter discriminatorio de calquera tipo ou non favorezan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- 7) As viaxes de ocio e os gastos de manutención realizados por persoal das entidades.
- 8) As actividades de carácter confesional, nin as festas patronais nin as de carácter gastronómico, agás aquelas que teñan como obxectivo a promoción e recuperación da cultura tradicional como son San Xoán, Entroido e Magosto.
- 9) Non serán subvencionables os gastos propios da hostalería, nin produtos alimenticios, nin bebidas alcohólicas. Só nas festas tradicionais de San Xoán, Entroido e Magosto admitiranse gastos de produtos alimenticios típicos destas actividades.

Base 5- CRÉDITO PRESUPOSTARIO E CONTÍA MÁXIMA DA SUBVENCIÓN.

O crédito presupostario asignado á presente convocatoria con cargo á partida orzamentaria 02103-9241-480.00 do presuposto municipal do exercicio 2018 é de 100.000,00 €.

O importe total do crédito presupostario distribuirase entre as liñas de axudas do seguinte xeito e cos seguintes coeficientes máximos de financiamento:

Liñas de axudas	% máximo subvencionado	Total crédito
Liña 1: Actividades e programas que favorezan a participación dos veciños e veciñas dos barrios e parroquias (1)	80%	80.000,00 €
Liña 2: Gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios das entidades veciñais:		20.000,00 €
Gastos de xestión, comunicación e mantemento (2)	80%	
Gastos de enerxía eléctrica (3)	80%	

(1) O importe total da subvención concedida con cargo á Liña 1 a cada entidade beneficiaria non poderá superar en ningún caso o límite de 7.000,00 €.

(2) Só poderán solicitar esta axuda aquelas entidades que opten á Liña 1 e, en ningún caso, poderá superar o 20% do importe total da subvención concedida na dita liña.

(3) No caso de aquelas entidades que teñan que sufragar con recursos propios os gastos de subministro de enerxía eléctrica dos locais sociais, ben cando sexan de titularidade da entidade veciñal, ou ben cando sexan alugados ou cedidos, esta axuda poderá chegar ata o 100% sempre que os créditos presupostados así o permitan.

No suposto de que se produza un sobranse de crédito sen outorgar nalgunha das dúas liñas, esta poderase destinar a incrementar o importe da outra liña que así o requira.

Base 6.- ENTIDADES BENEFICIARIAS DAS AXUDAS. REQUISITOS E OBRIGAS

6.1.- Entidades beneficiarias: Poderán concorrer a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións veciñais, as federacións e as agrupacións de asociacións veciñais que cumpran os requisitos e as finalidades desta convocatoria e que fomenten a participación entre os veciños e as veciñas con ámbito de actuación no termo municipal do Concello de Ferrol.

6.2.- Requisitos: Poderán acollerse a esta convocatoria todas as entidades veciñais do Concello de Ferrol que cumpran os seguintes requisitos:

- Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol con anterioridade á publicación desta convocatoria e ter actualizados os seus datos no citado Rexistro.
- Ter os estatutos adaptados a Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Ferrol, e das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Non estar incursoas as entidades ou as persoas que posúen a súa representación legal en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria das subvencións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas e percibidas con anterioridade dende a Concellería de Participación do Concello de Ferrol, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

6.3.- Obrigas: Os beneficiarios das subvencións estarán obrigados ao cumprimento das disposicións que sinala o artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e as que especificamente se relacionan a continuación:

- Cumprir co obxectivo das actividades obxecto da subvención.
- Xustificar o cumprimento da finalidade da actividade obxecto da concesión da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación dos servizos correspondentes por razón da materia e ás de control financeiro que correspondan á Intervención xeral do Concello de Ferrol e entregar a información que se lles requira.
- Comunicarlle ao Concello a solicitude de obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse cando se realice a solicitude ou se coñeza a concesión e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da subvención que se conceda.
- Non modificar a programación das actividades sen coñecemento e autorización expresa do Concello.
- Facer constar en toda a publicidade e difusión das actividades subvencionadas a colaboración do Concello de Ferrol.
- Empregar o idioma galego tanto na publicidade como nos programas e actividades.
- Facilitar canta información puidese ser requirida polo Consello de Contas de Galicia e polo Tribunal de Contas do Estado.

Base 7.- GASTOS SUBVENCIONABLES

7.1.- LIÑA 1.- Actividades e programas que favorezan a participación dos veciños e veciñas dos barrios e parroquias.

Consideraranse gastos subvencionables os que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

Serán subvencionables os **gastos correntes** necesarios para o desenvolvemento das actividades de interese xeral para a cidadanía que se realicen entre o **1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2018** e que se encadren nalgún destes bloques:

BLOQUE	ACTIVIDADES
I	Actividades de tipo físico: ximnasia, ioga, pilates, aerobio, etc.
II	Actividades de ocio e tempo de lecer que promovan espazos de convivencia e encontro: obradoiros de traballos manuais, restauración, música, lectura, danza, risoterapia, etc.
III	Actividades de tipo formativo e informativo á colectividade: obradoiros de xogos tradicionais, de recuperación da memoria histórica, xornadas de convivencia interxeracional, conferencias, coloquios, etc.
IV	Actividades sociais: Eventos festivos, culturais e deportivos cuxo obxectivo sexa mellorar a convivencia, que non sexa obxecto de axudas municipais específicas e que favorezan a relación, colaboración e integración entre a veciñanza.
V	Actividades que fomenten a participación cidadá e o apoio a outros colectivos do barrio: debates, mesas redondas, asembleas, foros, campañas de sensibilización, tanto de temas relacionados coa problemática específica de cada barrio como doutros temas relacionados coa igualdade, sustentabilidade, conductas cívicas de limpeza, orde e coidado do barrio, atención a sectores con dificultades, fomento do voluntariado, educación e a interculturalidade.

Entenderase por gastos correntes os seguintes:

Gastos de persoal	Nóminas e custos de seguridade social a cargo da entidade
Gastos de publicidade e difusión	Imprenta, serigrafía, etc
Gastos de transporte específicos das actividades	Autocares, billetes de tren, de avión, etc.
Gastos de materiais consumibles específicos das actividades	
Gastos de asistencia técnica	Monitores/as, docencia, etc.

Gastos de cortesías de colaboración relacionadas coa actividade ou programa	Agasallos, placas conmemorativas, etc., ata un máximo do 10% do total da subvención outorgada para a actividade. Non se admitirán as cortesías gastronómicas.
---	---

O importe total da subvención concedida con cargo á Liña 1 a cada entidade beneficiaria non poderá superar en ningún caso o límite de 7.000,00 €.

7.2.- LIÑA 2.- Gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios das entidades veciñais.

Serán subvencionables nesta liña os seguintes gastos:

A) Gastos de xestión, comunicación e mantemento da entidade

Poderanse incluír como gastos de xestión, comunicación e mantemento os seguintes:

Gastos de xestión	Materiais de administración, fotocopias, papel, grampas, bolígrafos, consumibles informáticos, etc.
Gastos de comunicación	Gastos de teléfono e conexión a internet, gastos postais, etc.
Gastos de mantemento	<ul style="list-style-type: none"> - Gastos de pequenos arranxos, de mantemento e conservación do local social. - Gastos de limpeza do local social. - Gastos de alarmas e seguros do local social

Os gastos de xestión, comunicación e mantemento non poderán en ningún caso superar o 20 % do importe total da subvención concedida con cargo a Liña 1.

B) Gastos de enerxía eléctrica:

Naqueles casos nos que os gastos derivados do subministro de enerxía eléctrica do local social sexan sufragados con recursos propios da entidade veciñal, ben cando o local social sexa de titularidade da mesma ou ben cando sexa alugado ou cedido, esta axuda poderá chegar ata o 100% sempre que os créditos presupostados así o permitan, co obxecto de romper así cunha dinámica de discriminación histórica con respecto a outras entidades veciñais que non teñen que facer fronte a este tipo de gastos por estar a ocupar locais de titularidade municipal, xa que o Concello nestes casos faise cargo directamente deste tipo de gastos consonte ao previsto no Regulamento de cesión de locais municipais.

Excepcionalmente os gastos derivados da subministración de enerxía eléctrica que poden ser obxecto de subvención corresponderanse con aqueles que foron aboados pola entidade no período comprendido entre o 01/01/2017 e o 31/12/2017.

7.3.- Gastos que non son obxecto de subvención

Non serán obxecto de subvención:

- O pagamento de cotas de afiliación a federacións ou a outras entidades, así como os gastos orixinados pola adquisición de xornais, revistas ou subscricións a canles de televisión por pago.
- Os gastos de viaxes de ocio e os gastos de manutención realizados por persoal das entidades.
- Gastos inventariables: mobles, equipamentos informáticos, etc.
- Gastos propios de hostalería, nin produtos alimenticios, nin bebidas alcohólicas, agás os produtos alimenticios típicos das actividades de celebración de San Xoán, Entroido e Magosto.

Base 8.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

8.1.- Solicitudes: As entidades interesadas deberán presentar a solicitude que figura no ANEXO I, asinada polo/a representante da entidade. O/A representante deberá ser designado/a pola entidade veciñal nunha reunión da xunta directiva onde se acorde solicitar a subvención obxecto desta convocatoria.

8.2.- Documentación: A solicitude da subvención deberá presentarse no modelo ANEXO I xunto coa seguinte documentación:

- Copia compulsada da tarxeta do CIF da entidade.
- Copia compulsada do DNI da persoa que actúa como representante.
- Copia compulsada dos estatutos da entidade.
- Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería Municipal (www.ferrol.gal \ Sede electrónica \ Trámites \ Tesourería \ Alta ou baixa de datos bancarios).
- Acreditación mediante documentos orixinais de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia e co Concello de Ferrol, así como das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social. No caso de que a solicitude de subvención fose por importe inferior a 3.000 € estes documentos poderán substituírse por unha declaración responsable, consonte o previsto no artigo 24.4 do R.d. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

No caso de que algunha desta documentación xa estea en posesión do órgano xestor da subvención non será preciso entregala de novo, agás que se produza algún cambio na mesma. Deberá indicarse esta situación coa solicitude mediante unha declaración responsable de que a documentación xa está en posesión do órgano xestor e non sufriu variación ningunha.

O Concello de Ferrol poderá solicitar, se o considera oportuno para a resolución do procedemento, calquera outros documentos que estime conveniente, así como a comprobación dos datos recollidos na solicitude.

As copias da documentación achegada deberán entregarse debidamente compulsadas.

Só se poderá solicitar axuda para un máximo de 10 actividades a desenvolver pola entidade solicitante, que deberán priorizalas do 1 ao 10 no momento de efectuar a solicitude de axuda.

Cada actividade para a que se solicite axuda deberá estar perfectamente definida, debendo

facér constar na memoria os seguintes parámetros:

- Denominación da actividade.
- Descrición da actividade
- Lugar e datas de realización.
- Orzamento da actividade onde faga constar o seu custo económico.
- % da axuda solicitada que como máximo poderá ser do 80 %, sendo por conta da entidade un mínimo de cofinanciamento do 20%.
- Detallar outros ingresos ou subvencións que tamén financien a actividade subvencionada (indicando, de ser o caso, o importe e a procedencia).

Base 9.- LUGAR, PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E MODELO DE SOLICITUDE

9.1.- Lugar de presentación: As solicitudes acompañadas da documentación reflectida na base 8.2 poderán presentarse nas oficinas de rexistro do Concello ou en calquera outros rexistros ou oficinas ás que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

9.2.- Prazo de presentación: O prazo de presentación de solicitudes será de **vinte días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da data de publicación dun extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

9.3.- Modelo de solicitude: O modelo de solicitude (ANEXO I) estará a disposición dos interesados nas oficinas do Rexistro Xeral do Concello, no negociado de Participación Cidadá e tamén poderá descargarse dende a web municipal www.ferrol.gal.

Base 10.- TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

O negociado de Participación Cidadá revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen toda a documentación esixida. Se estivese incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que no prazo de dez días hábiles achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude, consonte ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Base 11.- PROCEDEMENTO

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nas disposicións aplicables da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada Lei 38/2003.

A formulación das propostas de concesión das subvencións corresponderalle a unha comisión avaladora que se constituirá para o efecto e integrada por:

- Presidente: o/a concelleiro/a delegado/a da área de Participación.
- Un/Unha representante de cada grupo municipal.
- Dous/Dúas representantes das entidades veciñais, que serán elixidas por sorteo de entre todas as asociacións veciñais inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol que presentasen solicitude de subvención dentro desta convocatoria, con voz e sen voto.

- Un/unha técnico/a da área de Participación.
- Un/unha funcionario/a do negociado de Participación que actuará como secretario/a da Comisión avaliadora.

Base 12.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E CONTÍA DA SUBVENCIÓN.

A Comisión avaliadora formulará a proposta de concesión ou denegación da subvención, así como a contía económica, tendo en conta os seguintes criterios:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	
CRITERIOS COMÚNS	ATA 70 PUNTOS
Representatividade da entidade na súa área de influencia	Ata 10 puntos
Poboación da área de influencia da entidade	Ata 10 puntos
Orixinalidade e carácter innovador da actividade	Ata 10 puntos
Número de actividades programadas para as que se solicita subvención	Ata 10 puntos
Duración temporal das actividades	Ata 10 puntos
Nivel de cofinanciamento da actividade (aportación de financiamento propio como mínimo do 20%)	Ata 20 puntos
CRITERIOS TRANSVERSAIS	ATA 30 PUNTOS
Nivel de colaboración con outras entidades cidadás para o desenvolvemento de actividades	Ata 5 puntos
Promoción da participación cidadá e dinamización comunitaria	Ata 5 puntos
Colectivos ós que se dirixen as actividades (crianzas, mocidade, muller, terceira idade)	Ata 10 puntos
Promoción da lingua galega como obxectivo no desenvolvemento de actividades	Ata 10 puntos

Puntuación máxima: 100 puntos

O concello de Ferrol só poderá subvencionar como máximo o 80 % do importe de cada proxecto ou actividade. Se a entidade recibe outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos para financiar esas actividades (outorgadas por outras administracións, entidades privadas ou particulares), deberá acreditarse que a suma da subvención municipal e esas posibles axudas, subvencións ou recursos non superen o 100 % do importe da actividade subvencionada.

Base 13.- RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

A proposta de concesión da Comisión avaliadora das solicitudes elevarase ao concelleiro delegado de Participación para a súa resolución.

Para os casos nos que o importe da proposta de concesión sexa inferior ao 80% do custo das actividades e gastos para os que se solicita subvención, o acordo de concesión terá o carácter de reformulación directa. Na resolución deberá constar:

- O importe concedido por cada actividade.
- Porcentaxe que supón ese importe sobre o presuposto de gastos presentado.
- Importe que se deberá xustificar.

As subvencións concedidas notificaránselles aos interesados e publicaranse no taboleiro de anuncios dixital da páxina web do Concello.

Base 14.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

14.1.- Prazo de xustificación.

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o **31 de marzo de 2019**.

No caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente darase un prazo de 10 días para a súa enmenda. Transcorrido o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entederase que desiste da súa petición, ditando resolución neste sentido que será notificada á entidade beneficiaria.

14.2.- Consideracións xerais.

- Poderán realizarse pagamentos fraccionados correspondentes ao ritmo de execución das actividades subvencionadas. Para realizar cada pagamento parcial a entidade beneficiaria deberá presentar a súa xustificación por medio de “Conta xustificativa” que se describe no apartado 14.3 destas bases.

As xustificacións parciais non poderán realizarse por importe inferior ao 25 % da subvención outorgada.

A xustificación final non poderá ser inferior ao 15 % da subvención concedida.

- O importe a xustificar será o 100% do gasto executado (importe da subvención + importe do cofinanciamento).
- No caso de que o importe xustificado sexa unha cantidade inferior á que se deba xustificar, o importe que aboará o Concello de Ferrol establecerase mediante unha equivalencia proporcional.
- No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 50% nas actividades subvencionadas, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha nas ditas actividades.
- O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.
- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

14.3.- Documentación xustificativa.

Para a xustificación da subvención, as entidades beneficiarias deberán presentar nas oficinas de rexistro do Concello ou en calquera outros rexistros ou oficinas ás que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o formulario ANEXO II asinado polo/a representante da asociación designado/a para a tramitación da subvención.

Xunto co formulario indicado entregará a seguinte documentación:

- Memorias asinadas polo/a representante da entidade das actividades subvencionadas, xustificativas do cumprimento do obxecto da subvención concedida indicando cando menos:
 - a) As actividades realizadas (datas, lugares, descrición das mesmas...).
 - b) Persoas beneficiarias.
 - c) Resultados obtidos.
 - d) Mostra, de ser o caso, da publicidade que se fixo das actividades (publicacións, folletos, revistas, carteis, etc) ou ben reportaxe fotográfica das mesmas.

- Facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total de subvención concedida, ao abeiro do establecido no artigo 30.3) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, nas que se inclúa a seguinte dilixencia asinada polo responsable da entidade beneficiaria, con identificación do seu nome e apelidos:

“Dilixencia: En cumprimento da Lei 38/2003 esta factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención da área de Participación do Concello de Ferrol do ano 2018”.

Poderase xustificar con copias compulsadas das mesmas.

- Xustificantes de pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (No caso do pagamento por transferencia bancaria: xustificante bancario; no caso do pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón, no caso de transferencia electrónica xustificante impreso co selo da entidade e extracto).
- Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario, da Seguridade Social e dos tributos municipais. Conforme co artigo 24.4 do R.d. 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a presentación da declaración responsable substituirá a estas certificacións naquelas subvencións nas que a contía a outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 €.

Base 15.- INCUMPRIMENTOS E SANCIÓN S

De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a renuncia á subvención

outorgada, así como a esixencia do reintegro e demais responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.

A presentación da xustificación neste prazo excepcional ou no período comprendido entre a finalización do prazo de xustificación e a notificación do prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria das sancións que conforme á Lei xeral de subvencións lle correspondan previa incoación e tramitación do expediente sancionador correspondente segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 20% do importe da subvención co límite de 450 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.
- Atraso na presentación da xustificación superior a un mes e ata tres meses: sanción do 30% do importe da subvención co límite de 800 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.
- Atraso na presentación da xustificación superior a tres meses: sanción do 40% do importe da subvención co límite de 900 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.

A tramitación do expediente de pagamento da subvención suspenderase durante a tramitación do expediente sancionador. Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción.

Base 16.- LINGUA VEHICULAR

Todos os documentos que se deriven desta relación de vencellamento entre o Concello de Ferrol e a entidade beneficiaria da subvención redactaranse en lingua galega así como toda presenza pública (rótulos, indicadores na rúa, publicidade de calquera tipo, etc.) das actividades subvencionadas.

DISPOSICIÓN FINAL

En todo o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu regulamento, e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Para os efectos de salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos establecidos pola Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ó Rexistro público de entidades do Concello de Ferrol.

Ferrol, 12 de xullo de 2018

O concelleiro delegado da área de Participación, Seguridade e Tráfico, Emprego, Normalización Lingüística e Promoción Económica, José Álvaro Montes Celeiro.